

300

2019 Aniversario
Auditorio
de Galicia







O 20 de outubro de 1989 inaugurábase o Auditorio de Galicia. Supuña un fito para a cidade de Santiago tanto na reconfiguración arquitectónica e urbanística da zona do Burgo e das proximidades do casco histórico como na súa aposta pola cultura como eixe vertebrador da imaxe da cidade como capital de Galicia.

O arquitecto Julio Cano Lasso (Madrid 1920-1996), foi o encargado de realizar o deseño do edificio que se situará no lugar dos pavillóns do Burgo das Nacións que el mesmo deseñara con ocasión do Ano Santo de 1964. A exemplaridade da construción destes pavillóns trasládase á concepción do Auditorio de Galicia como un espazo referente respectuoso coa contorna e coa tradición arquitectónica galega e compostelá. O uso tanto das cubertas pétreas como dos paneis acristalados actualizan elementos como a pedra e as galerías, característicos da arquitectura galega para darlles unha dimensión anovada pero con vontade de permanencia. A sobriedade dos elementos construtivos e o a manexo das formas xeométricas rotundas pon de manifesto esta busca da atemporalidade. En certo modo, o edificio destaca pola grande plasticidade cunha concepción da arquitectura moderada, lonxe dos golpes de efecto. Cano Lasso conseguiu realizar un edificio sustentable,

30 anos do Auditorio de Galicia

singular e referencial sen optar pola arquitectura espectáculo que na década posterior enchería o territorio español de cuestionados macrocomplexos culturais. Outro dos elementos que destacan da construción do Auditorio de Galicia é a súa integración coa contorna: a lámina de auga que reflicte a galería da parte posterior do edificio fai de nexo de unión dos grandes volumes do Auditorio co Parque da Música en Compostela, do que a cafetería-restaurant do edificio garda as mellores vistas.

O edificio supuxo a dotación para Santiago dun centro multidisciplinar de grandes dimensións preparado para a realización de actividades culturais e congresuais. Durante estes 30 anos de vida o Auditorio de Galicia converteuse no contedor cultural máis importante da cidade, polo nivel da actividade ofrecida e pola súa dimensión. Un lugar que a día de hoxe acolle as programacións de artes escénicas, música e exposicións de grande envergadura realizadas polo Concello de Santiago.

Ademais da programación continuada destes 30 anos, destaca o papel que o programa didáctico do Auditorio de Galicia realizou como punto de inicio do hábito cultural para moitos e moitas nenas da comarca. A insistencia neste traballo coa comunidade escolar permitiu que a maioría dos composteláns e compostelás da comarca pasara polas

salas do Auditorio para gozar dunha das súas primeiras experiencias culturais. Esta aposta decidida pola creación de hábitos saudables e de formación de públicos para as novas xeracións fai que, dalgunha forma, se creara un certo apego sentimental co edificio.

Para alén da parte pública, das programacións e actos que periodicamente teñen lugar, o Auditorio de Galicia acolle nas súas dependencias o organismo autónomo de cultura da cidade que leva o seu mesmo nome. Este organismo é o encargado da meirande parte da xestión da actividade cultural que se desenvolve ao longo do ano como os festivais de cinema Curtocircuíto e Cineuropa, a programación de artes escénicas do Teatro Principal, actividades relacionadas coas letras, as exposicións, as actividades culturais na rúa ou programacións especiais que se desenvolven na cidade con motivo de efemérides sinaladas. Cabe destacar que ademais o Auditorio de Galicia acolle como residentes á Real Filharmonía de Galicia e á Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, converténdose así, nun centro de creación musical onde conviven diariamente arredor de 100 músicos/as de dúas das máis importantes formacións do país.



Auditorio de Galicia

11 e 12 de outubro

20:30 h

**MemoriaPresente
EscenaGZ**

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 80 min



#POSFUNCION.

11 de marzo ao remate da función. Unha vez cae o pano, abrimos o debate entre público asistente e elenco artístico.

A historia da curva na que se matou España

Nos últimos anos Chévere realizou unha serie de traballos que exploraron as posibilidades do teatro-documento e a memoria colectiva como desencadeantes dunha ficción teatral. Este proxecto é un paso máis para afondar nos mecanismos narrativos que xorden na fronteira entre a realidade e a ficción, entre a historia e a lenda, entre a pantalla e o escenario.

Coma outras veces, Chévere parte dunha historia moi local que se foi transmitindo oralmente de xeración en xeración entre a xente da comarca de Verín (Ourense) durante os últimos cen anos.

Curva España trata sobre un crime aparentemente sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias. A partir da existencia de distintas versións sobre o caso, artellamos unha peza que ironiza sobre o formato documental combinando teatro e cine en directo, bebe do xénero policial e funciona como unha alegoría da construción do estado nación español coma se fose a promesa dun tren que nunca chegou. Porque a esta zona afastada España apenas chegou en forma de mito, e o mito fala da súa morte nunha curva.

Dirección e dramaturxia: Xron

En escena: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Lucía Estévez e Leticia T. Blanco

Unha produción Chévere en coprodución con Teatros del Canal, Concello de Teo e MIT Ribadavia



NORTE, SUL E LESTE

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Auditorio de Galicia
17 de outubro

20:30 h

Prezo: 18 €

Descontos do 50%

CONVERSANDO CON...

Ás 19.45 h, con Maximino Zumalave na Sala Mozart.

Maximino Zumalave, director
Dmytro Choni, piano

F. Schubert:
Abertura en Re maior, D. 590 “En estilo italiano”

F. Chopin:
Concerto para piano núm. 2 en fa menor, op. 21

F. Mendelssohn:
Sinfonía núm. 3 en la menor, op. 56 “Escocesa”

JAVIER NAVAL



DONDE EL BOSQUE SE ESPESA

MICOMICIÓN

Auditorio de Galicia

18 de outubro

20:30 h

MemoriaPresente
TerritoriodasMulleres

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 130 min

Antonia e Isabel reciben o día da morte das súa nai unha caixa pechada que a defunta mantivo durante anos e de cuxa existencia non sabían. Esa caixa contén algunhas cartas, fotografías e obxectos que cuestionan todo o que creron sobre a súa familia. Isabel négase a mirar e non fai preguntas. Antonia e a súa filla Ana, con todo, buscan, preguntan e perseguen a pantasma dun avó e un bisavó que non parece ser o que creron. Todo iso para desgusto de Zoran, o marido e pai iugoslavo das nosas protagonistas. A procura do avó lévaas a emprender unha viaxe real e física que comezará en Santander e terminará en Banja Luka, alá na afastada Bosnia, levándonos a Barcarés, Lourdes, París, Toulouse, Mauthausen, Roma, Sarajevo... Cada obxecto abre unha xanela, cada xanela abre unha morea de preguntas e cada resposta abre unha ferida. O regreso a España será a vitoria de dúas mulleres que veñen cargadas de malas noticias, unha dor irreparable e un coñecemento das persoas que a rodean que farán que a súa vida nunca sexa o mesmo outra vez.

Dirección: Laila Ripoll
Interpretes: Mérida Molina, Arantxa Aranguren, Juanjo Cucalón, Aurora Herrero, Puchi Lagarde, Carolina Herrera, Antonio Sarrió, Carlos Jiménez-Alfaro, Néstor Ballesteros
Escenografía: Arturo Martín Burgos
Iluminación: Luis Perdoguero
Vestuario: Almudena Rguez.
Huertas
Música e espazo sonoro: Mariano Marín
Videoescena: Álvaro Luna
Locución videoescena: Pablo Béjar e Carolina Herrera
Gravación Cinematográfica
Dirección: Miguel Ángel Calvo
Buttini/Salto de Eje PC
Operador/Montaxe/ coprodución: Juan e Eusebio Poveda/Twin Freaks Studio
Dirección de Fotografía/ Operador: Alfonso Segura
Fotografía: Javier Naval
Producción executiva: Joseba García e Mariano Llorente
Distribución: Joseba García
Axudante de dirección: Héctor del Saz



PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCENICAS

aprioright.com



DAVID RUIZ

Auditorio de Galicia**19 de outubro**

20:30 h

EscenaGZ**TerritoriodasMulleres**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 90 min



#CONVERSANDO *Falar con Matarile mirando a un xardín.*

Encontro con Ana Vallés e Baltasar Patiño arredor da traxectoria de Matarile e do espectáculo do día seguinte. Tomando un café (ou o que queirades) e mirando ao xardín do Auditorio, o encontro servirá tamén para

coñecer as estratexias dramáticas e escénicas do espectáculo a través de apoio audiovisual

Venres 18 de outubro de 17.30 a 19.30 h. Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia

Público: adulto

Capacidade: 30

Previa inscrición en comunicacion@auditoriodegalicia.org

LOS LIMONES, LA NIEVE Y TODO LO DEMÁS

MATARILE

A tentación de deixalo todo e marchar correndo a outro lugar

O desexo persistente de atravesar a fantasía e os feitos reais

Quizais por evitar o regreso dilatamos a partida,

e mentres tanto, escoitamos as palabras do tolo

ou abrazamos a beleza, con mala conciencia

Gocemos deste día perfecto.

Creación e interpretación: Mónica García e Ana Vallés
Iluminación espazo e son en tempo real: Baltasar Patiño

Asistencia na dirección: Ricardo Santana

Vestuario: Naftalina + Matarile

Vídeo: Edición Rusa

Loxística: RTA

Asistencia técnica: Pepe Quintela "Pepiño" e José Faro "Coti"

Agradecementos: Producións Zopilote

Produción e distribución: Juancho Gianzo





O AUDITORIO DE GALA!

**XORNADA DE ACTIVIDADES E PORTAS
ABERTAS PARA CELEBRAR O 30 ANIVERSARIO
DO AUDITORIO DE GALICIA**

Domingo 20 de outubro

Achégate ao Auditorio e coñece a súa historia e os seus recunchos. Propoñémosche unha serie de actividades para que poidas gozar do edificio da man de interesantes propostas artísticas de todo tipo e para todos os públicos. O Auditorio vístese de Gala para recibirte!

11:00 e 11:30 h

Orfeón Terra A Nosa-Recital íntimo

Entrada libre

No escenario da Sala Mozart poderás gozar do Orfeón Terra A Nosa como nunca antes. Unha actuación para un aforo reducido onde o público se sitúa no escenario a poucos metros de distancia do Orfeón.

13:00 h

**Carlos Blanco conta a súas “viaxes”
coa RFG**

De balde previa retirada de convite*

Carlos Blanco retoma os seus relatos clásicos sobre a experiencia que tivo acompañando á Real Filharmonía de Galicia. A actuación terá lugar no escenario da Sala Ángel Brage para un aforo limitado.

13:30 h en diante.

**Sesión vermú con Suso Alonso no
piano e con petiscos especiais na
Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia**

17:30 h

**Píscore presentan Concerto (non tan)
singular na Sala Mozart, para toda a
familia**

De balde previa retirada de convite *

**19.00 h Fin de Festa no corredor do
Auditorio con Ruth Balbís que presenta
a súa peza *Give it a spin* e concerto
final de Ortiga.**

Entrada libre

Fin de festa no que bailar, brindar e comer un anaco de bolo de anos para pechar esta especial xornada!

Descubre o AdG

Visitas guiadas polo Auditorio de Galicia. Achégate a coñecer de primeira man as dependencias do Auditorio de Galicia. Poderás percorrer os espazos singulares do edificio mentres che contamos a historia do mesmo. Ás 11:00 e ás 17:00 previa inscrición en: comunicacion@auditoriodegalicia.org

* Retirada de convites desde o martes 15 de outubro no despacho de billetes do Teatro Principal (aberto de martes a sábado + días de evento) e no despacho de billetes do Auditorio de Galicia o día do evento desde 1h 30 min antes do comezo do mesmo.



SONOS DE INVERNO

Auditorio de Galicia

24 de outubro

20:30 h

Prezo: 18 €

Descontos do 50%

CONVERSANDO CON...

As 19.45 h, con Paul Daniel
e Sofía O. Infante Souto
na Sala Mozart.

Este concerto terá un
pase dirixido aos centros
escolares dentro do
Programa Didáctico do
Auditorio de Galicia o
venres 25 de outubro ás
11.00 h.

**CONCERTO 30 ANIVERSARIO DO
AUDITORIO DE GALICIA
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Paul Daniel, director
Steven Isserlis, violonchelo**

S. O. Infante Souto
(obra de encargo pola RFG - estrea absoluta)

E. Elgar:
Concerto para violonchelo en mi menor, op. 85

P. I. Chaikovsky:
Sinfonía núm. 1 en sol menor, op. 13, TH 24 “Soños de
inverno”



DANCING WITH FROGS

SOL PICÓ CÍA DE DANZA

Auditorio de Galicia

26 de outubro

20:30 h

TerritoriadasMulleres

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 60 min

Dancing with frogs reflicte, cuestiona e analiza o mundo da masculinidade, esa outra metade, o complemento biolóxico do feminino. Que é masculino sen o feminino? Hai límites entre eles? Como vive, sente, acciona, sofre, se relaciona co mundo, o home do século XXI? É o mesmo de sempre ou algo cambiou? Que debería ser un home? Que hai que facer para ser un?

Sol Picó (**Premio Nacional de Danza 2016**) baila con sapos ou con lumbersexuais, neo-macarrass, metrosexuais e andróxinos nunha aventura ácida, suxa, gamberra e traxicómica.

Dirección: Sol Picó

Asistente de coreografía: Carlos

Fernández

Colaboración na dramaturxia: Marta

Galán

Intérpretes: Antoni Comas, Daniel

Corrales, Elías Torrecillas, Guillermo

Weickert, Junyi Sun, Pere Jou, Valentí

Rocamora

Música orixinal: Pere Jou (except

“Haka” Antoni Comas)

Escultura de escena: Nico Nubiola

Vestuario: Valeria Civil

Coordinación técnica e escenografía:

Joan Manrique

Deseño iluminación: Cube.bz

Son: Stéphane Carteaux

Producción: Pía Mazuela, Núria Aguiló

Unha coprodución de: Mercat de les Flors, Festival Temporada Alta 2017, Sol Picó cia de danza.

Colaboradores: C.C.Conde Duque, EiMa Creació

Co apoio da Grainerie, Fabrique des Arts du Cirque et de l'itinérance, Balma / Toulouse Métropole.

Compañía subvencionada por : Ministerio de Cultura. Inaem, Generalitat de Catalunya. Departament de Cultura, Institut Ramon Llull, Ajuntament de Barcelona. Institut de Cultura.

solpico.com | Sol.Pico.cia.danza | SolPicodanza | solpico





BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO
BANDA MUNICIPAL DE PADRÓN
BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIVADULLA
BANDA DE MÚSICA CULTURAL TEO

**Concerto 30 Aniversario
do Auditorio de Galicia**

Entrada libre ata completar capacidade

Auditorio de Galicia

27 de outubro

18 h

Presentado por **Xurxo Souto**

Banda Municipal de Padrón

Juan Sánchez, *Pepe Núñez, Pasodobre*

Franz Lehár, *La Viuda Alegre*

Braulio M. Cao Ledo, director

**Banda de Música
Santa Cruz de Rivadulla**

Rafael Pascual-Vilaplana
Yakka, Pasodobre

Simón Couceiro, *Fantasia sobre tres temas
galegos*

Joaquín Turina, *Danzas Fantásticas*
III. Orgia

José Rodríguez Ramos, director

Banda de Música Cultural Teo

Ángel Luis Hernandez,
Soñar en Xirimbao, Pasodobre

Simón Couceiro, *Estrasantico*

I.- Alborada

II.- Cantaruxa

III.- Muiñeira

Álvaro Varela Ferradáns, director

**Banda Municipal de
Música de Santiago**

Toshio Mashima,
Sweet breeze in May, Marcha

Pascual Piqueras, *De Cai*

Yosuke Fukuda, *Symphonic Dances*
V.- Berry Dance

Casiano Mouríño Maquieira, director

f BandaMunicipalSantiagoCompostela |
🐦 @BMSCompostela



Exposición itinerante

**Do 30 de outubro ao 15 de decembro de 2109
Sala de exposicións do Auditorio de Galicia**

Inauguración 30 de outubro ás 20.30h

Liderado polo Auditorio de Galicia o proxecto europeo Wom@rts promove a presenza igualitaria das mulleres como axentes activos da contorna artística. O proxecto desenvólvese xunto a dez socios europeos, organizacións públicas e privadas sen ánimo de lucro: Fundación Municipal de Cultura de Avilés, rede escandinava WIFT (Mulleres en Cinema e Televisión), o Concello de Vilnius (Lituania), o Centro Audiovisual Simone de Beauvoir e a Communauté d'Agglomération du Grand Angoulême (Francia), a Escola Limerick de Artes e Deseño (Limerick Institute of Technology, Irlanda), o Hay Festival de Literatura e Artes (Reino Unido), a Academia Universitaria de Artes Aplicadas en Rijeka (Croacia) e o museo UGM Maribor (Eslovenia).

Entre as iniciativas desenvoltas organizáronse tres residencias artísticas para as que foron seleccionadas 32 artistas nas cidades socias do proxecto: Avilés acolleu artistas dixitais, de novos medios, fotografía e vídeo; Angoulême ás debuxantes de banda deseñada e ilustradoras e Limerick as gravadoras e estampadoras.

Os traballos que desenvolven as creadoras toman como punto de partida 'O segundo sexo' en homenaxe ao ensaio escrito por Simone de Beauvoir no 70 aniversario da súa primeira publicación. Cada artista parte dunha realidade cultural e xeneracional propia, para preguntarse sobre a "natureza" da muller, o arraigo social, a historia ou os pasos futuros. As obras foron incluídas nunha exposición trasmedia itinerante convertendo cada cita expositiva nunha oportunidade de tecer novas conexións e referencias.

Conta co apoio do Programa Creative Europe de la Unión Europea.

Wom@rts Artist: Fernanda Álvarez Jimenez, Aoife Barrett, **Haya Blanco**, **Teresa Búa**, Cristina Busto Alvarez, Stéphanie Cadoret, María Castellanos Vicente, Fionnuala Doran, Marta Fermín, Mina Fina, Nanu González, Scotty Hervouet, Shelagh Honan, Korina Hunjak, Jo Kelley, Samira Kentrić, Melinda Kostelac, Raquel Lagartos, Hanne Larsen, Akvile Magicdust, Maura McHugh, Louise Mendoche, Merieme Mesfioui, Petra Mrša, Lorraine Neeson, **Mery Pais**, Ana Pečar, Audrey Potrat, Marija Stonyte, Martta Tuomaala, **Xulia Vicente** e Neringa Žukauskaitė.



Venda de entradas en:

compostelacultura.gal


Despacho de billetes do Teatro Principal. Aberto de martes a sábado (+ días de evento) de 18 a 21 h. Se a función é fóra dese horario, o despacho abrirá unha hora e media antes do seu inicio.


Nos espectáculos do Auditorio de Galicia, despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 hora e media antes do inicio dos mesmos.

Descontos e entradas especiais

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.

Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.







CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



CONSORCIO DE
SANTIAGO

-  compostelacultura.gal
-  [CompostelaCultura](#)
-  [CCultura](#)

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026
info@auditoriodegalicia.org

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Oficinas 981 542 347
Billeteira 981 542 349
tprincipal@santiagodecompostela.gal